

**Madrygal.** Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/madr.71371>

 EDICIONES  
COMPLUTENSE

## *Cartafol de poesía*, de Celso Emilio Ferreiro. A verdadeira historia dunha obra minúscula

Xosé Manuel Dasilva<sup>1</sup>

Recibido: 7 de setembro de 2020 / Aceptado: 15 de marzo de 2021

**Resumo.** Neste artigo abórdanse os problemas que presenta *Cartafol de poesía*, iniciativa literaria de Xosé Velo e Celso Emilio Ferreiro da que se posúe unha percepción pouco clara aínda hoxe en día. Tales problemas afectan fundamentalmente á súa configuración, de contornos imprecisos, e á data de publicación, 1935 ou 1936. Inicialmente estúdase a recepción de *Cartafol de poesía* antes da Guerra Civil e no período posterior ao conflito bélico. A seguir examínanse, por unha parte, os testemuños de Celso Emilio Ferreiro relativos a este título e, por outra, a presenza do mesmo nas edicións sucesivas da súa obra. Realizados estes labores, arróxase luz sobre a historia de *Cartafol de poesía* no contexto da produción poética do autor de Celanova antes de 1936. As dúas conclusións que se alcanzan, a partir da comparación de tres exemplares orixinais, é que *Cartafol de poesía* se trata dunha obra minúscula constituída por unhas tapas de cartolina para gardar paulatinamente unha colección de poemas, da cal só se distribuirían dous, que ten como data a primeira metade do ano 1936.

**Palabras chave:** Poesía galega; Celso Emilio Ferreiro; Xosé Velo; *Cartafol de poesía*.

## [es] *Cartafol de poesía*, de Celso Emilio Ferreiro. La verdadera historia de una obra minúscula

**Resumen.** En este artículo se abordan los problemas que presenta *Cartafol de poesía*, iniciativa literaria de Xosé Velo y Celso Emilio Ferreiro de la que se posee una percepción poco clara aún hoy en día. Tales problemas afectan fundamentalmente a su configuración, de contornos imprecisos, y a la fecha de publicación, 1935 o 1936. Inicialmente se estudia la recepción de *Cartafol de poesía* antes de la Guerra Civil y en el período posterior al conflicto bélico. Después se examinan, por una parte, los testimonios de Celso Emilio Ferreiro relativos a este título y, por otra, la presencia del mismo en las ediciones sucesivas de su obra. Realizadas estas labores, se arroja luz sobre la historia de *Cartafol de poesía* en el contexto de la producción poética del autor de Celanova antes de 1936. Las dos conclusiones que se alcanzan, a partir de la comparación de tres ejemplares originales, es que *Cartafol de poesía* se trata de una obra minúscula constituída por unas tapas de cartulina para guardar paulatinamente una colección de poemas, de la cual solo se distribuirían dos, que tiene como fecha la primera mitad del año 1936.

**Palabras clave:** Poesía gallega; Celso Emilio Ferreiro; Xosé Velo; *Cartafol de poesía*.

## [en] *Cartafol de poesía*, by Celso Emilio Ferreiro. The True Story of a Tiny Work

**Abstract.** This article addresses the problems presented by *Cartafol de poesía*, a literary initiative by Xosé Velo and Celso Emilio Ferreiro of which there is still an unclear perception even today. Such problems fundamentally affect its configuration, of imprecise contours, and the date of publication, 1935 or 1936. Initially, *Cartafol de poesía*'s reception before the Civil War and in the period after the war is studied. The following examines, on the one hand, the testimonies of Celso Emilio Ferreiro relating to this title and, on the other, the presence of it in successive editions of his work. Having carried out these tasks, light is shed on *Cartafol de poesía*'s history in the context of the poetic production of the author of Celanova before 1936. The two conclusions that are reached, from the comparison of three original copies, is that *Cartafol de poesía* is a tiny work consisting of cardboard covers to sequentially store a collection of poems, of which only two would be distributed, which is dated the first half of 1936.

**Keywords:** Galician Poetry; Celso Emilio Ferreiro; Xosé Velo; *Cartafol de poesía*.

<sup>1</sup> Universidade de Vigo, Departamento de Tradución e Lingüística.  
Correo-e: [jdasilva@uvigo.es](mailto:jdasilva@uvigo.es); ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-3360-6995>.

**Sumario.** 1. A recepción de *Cartafol de poesía* antes da Guerra Civil e na posguerra. 2. Celso Emilio Ferreiro fala de *Cartafol de poesía* nos anos 70. 3. *Cartafol de poesía* nas edicións da obra de Celso Emilio Ferreiro. 4. A verdade sobre *Cartafol de poesía*. 4.1. A produción poética de Celso Emilio Ferreiro antes da Guerra Civil. 4.2. Celso Emilio Ferreiro en *Escolma da lírica galega* (1936), de Xosé Filgueira Valverde. 4.3. Algúns exemplares conservados de *Cartafol de poesía*. 5. Conclusións. 6. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Dasilva, X. M. (2021): “*Cartafol de poesía*, de Celso Emilio Ferreiro. A verdadeira historia dunha obra minúscula”, en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 24, pp. 51-67, DOI: <http://dx.doi.org/10.5209/madr.71371>.

Como se sabe, *Cartafol de poesía* foi unha iniciativa común dos celanoveses Xosé Velo e Celso Emilio Ferreiro coa intención de espallaren os seus poemas antes da Guerra Civil. Con posterioridade, converteuse nun fito lembrado unha e outra vez particularmente na bibliografía do autor de *Longa noite de pedra*. Con todo, dispónse dunha visión abondo incompleta mesmo a día de hoxe acerca de *Cartafol de poesía*. As dúas incertezas principais asócianse, por un lado, ao número cabal de composicións que chegarían a formar parte deste título e, por outro, á cronoloxía concreta, xa que se teñen manexado como datas os anos 1935 e 1936.

No presente estudo procúrase dilucidar, con carácter pouco menos que definitivo, este dobre enigma. Para cumprir tal obxectivo, recorreuse de xeito crucial ao cotexo de tres mostras orixinais de *Cartafol de poesía*, rastrexadas en arquivos e bibliotecas. A importancia desta consulta é relevante, posto que o propio Celso Emilio Ferreiro manifestou que, lamentablemente, non conservaba ningún exemplar por motivos que máis adiante se han revisar.

## 1. A recepción de *Cartafol de poesía* antes da Guerra Civil e na posguerra

No período anterior a 1936, a transcendencia de *Cartafol de poesía* non debeu de ser moita tendo en conta a súa curta resonancia. Na prensa da época, realmente só se atopa unha única referencia. Prudencio Taboada Tabanera, correlixionario de Celso Emilio Ferreiro na Federación de Mocidades Galeguistas, facía alusión a *Cartafol de poesía* nunha colaboración en *El Pueblo Gallego*, en maio de 1936. Viña xusto de asistir a unha asemblea da

organización en Ourense, polo que é de inferir que o poeta o informara persoalmente:

A Galicia intresante distes derradeiros tempos é a expresión dun arte, dun espírito nunhas “elexías verdadeiras” de Iglesia Alvariño, nun “cartafol” de Emilio Ferreiro e Xosé Velo, no *Mesón dos ermos* de Otero Pedraio, nos artigos que publicou *El Pueblo Gallego* en col do noso idioma. (Taboada Tabanera 1936)

Na posguerra, a primeira mención a *Cartafol de poesía* encóntrase nun artigo, de novo en *El Pueblo Gallego*, que avanzaba, en novembro de 1941, a inminente aparición de *Al aire de tu vuelo*, libro inaugural de Celso Emilio Ferreiro, quen se instalara en Pontevedra meses antes para desempeñar un privilexiado posto na Fiscalía de Tasas franquista. É de imaxinar que el mesmo volveu estar detrás deste comentario:

Celso Emilio Ferreiro es un joven poeta orensano, que desde hace algún tiempo reside entre nosotros y que por su simpatía y bondad encauzó hacia su personalidad el cariño de nuestro pueblo.

Muy contados saben aquí de su obra literaria, de la que conocemos *Cartafol de poesía*, que publicó en Orense, en 1936, en colaboración con Velo, y ha sido entonces magníficamente acogida en su tierra natal. (Bara 1941)

Desde logo, nunha recensión espontánea de *Al aire de tu vuelo* asinada, presumiblemente polo xornalista e poeta Ánxel Sevillano, coas iniciais A. S., reflectíase con transparencia que non se coñecía ningunha obra previa de Celso Emilio Ferreiro:

¿Un primer libro de poemas? Ignoramos si existe el precedente, pero nos inclinamos a ver en éste la prioridad. Un poco porque le encontramos el ímpetu, la frescura y la gracia de lo inicial y mucho porque no se presenta con la aspiración de cosa acabada, sino que en sí mismo, implícitamente, se reconoce imperfecto, como en verdad lo es –forzosamente– todo lo humano. (A. S. 1941)

En *Bailadas, cantigas y donaires*, o seu segundo libro, estampado en 1947, resaltábase *Cartafol de poesía* na lapela entre as achegas do autor, se ben como artífice en solitario e coa data de 1935: “*Cartafol de poesía*, 1935. (Versos galegos)” (Ferreiro 1947). Consonte iso, nunha avaliación deste título en *El Pueblo Gallego*, subscrita coa inicial S., invocábase a autoría exclusiva de Celso Emilio Ferreiro:

Son poemas gallegos por la temática, por el juego de los simbolismos, hasta por la construcción gramatical. Por eso resulta extraño que no hayan sido escritos en gallego –y en esto incidimos también con otras opiniones–, sobre todo cuando recordamos en el autor de *Cartafol* un léxico rico, jugoso, apto para la belleza formal y para la expresiva. (S. 1947)

En 1952, Couceiro Freijomil plasmaba, na entrada dedicada a Celso Emilio Ferreiro no *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, que *Cartafol de poesía* se brindara ao público en 1935 (Couceiro Freijomil 1952: 75). Tres anos máis tarde, no tomo *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos*, organizado por Francisco Fernández del Riego (1955), asomaban estes títulos do poeta: “*Cartafol de poesía* (Celanova, 1935)” e “*O sono sulagado* (Vigo, 1955)” (Fernández del Riego 1955: 362). Noutro lugar da antoloxía, *Cartafol de poesía* rexistrábase outra vez como libro e de Celso Emilio Ferreiro unicamente:

Como escritor en prosa ten publicado unha *Bio-grafía de Curros Enríquez*, i escrito un libro que tidúa *La jaula de los pájaros raros*.

A súa labor poética, fora da espaxada por revistas e xornás, abrangue os seguintes textos: *Cartafol de poesía*; *Al aire de tu vuelo*; *Bailadas, cantigas y donaires*; *Musa alemá* (versión antolóxica feita en colaboración con Blanco Freixei-ro); e *O sono sulagado*. (*Ibid.*: 269)

Cando se daba a benvida a *O sono sulagado* nunha recensión, xurdía esta lembranza de *Cartafol de poesía* ao trazar o periplo literario do autor:

Es muy largo el camino recorrido por Celso Emilio Ferreiro desde sus primeros versos de *Cartafol de poesía* hasta estos que ahora componen *O sono sulagado*. Cuando Ferreiro comenzó a escribir era un joven exaltado y extremista, lo que en todo caso se traduce por la más tímida sumisión a los maestros elegidos y una casi carencia absoluta de albedrío. Por entonces acababa de llegar a cualquier sitio y a todas partes desde su romántica y desmedida Celanova natal y traía en el alma un inagotable deseo de admirarlo todo, un incontenible y generoso afán de aplaudir y profesar en todos los grupos.

No era fácil prever como aquel caudaloso y violento manantial de entusiasmo cambiaría de porte un día cualquiera, dejando al poeta clavado en sus propias raíces. Así, parado en sí, ha hecho un largo camino solitario, en cuya meta está él mismo, su peculiar y libre modo de sentir y ver. (J. L. R. 1955)

Na mesma data, en *Voz y voto*, despuntaba unha nota, coa epígrafe “Obras del autor”, onde se consignaba *Cartafol de poesía* como título editado en Ourense en 1935 (Ferreiro 1955). Xa no albor da década dos 70, na escolma *Autoescolha poética (1954-1971)*, impresa en Portugal, sostiñase nun breve bosquejo introdutorio sobre a traxectoria de Celso Emilio Ferreiro: “O seu primeiro libro de poemas, *Cartafol de poesía*, foi publicado en 1935” (Ferreiro 1972). Pouco antes, en Venezuela, nunha reportaxe tras a concesión do Premio Álamo a *Antipoemas*, aseverábase que empezara “su obra poética en gallego, con un libro titulado *Cartafol de poesía*, publicado en 1935” (Farias 1971).

En síntese, desde o final da Guerra Civil ata principios dos anos 70, apréciase que Celso Emilio Ferreiro alentou que se amentase *Cartafol de poesía* de acordo, basicamente, con tres criterios: 1º) tratábase dun libro; 2º) el era o único autor, o que entrañaba un acto flagrante de apropiación; e 3º) saíu do prelo en 1935. Ao noso modo de ver, esta tripla distorsión obedecería ao desexo de construír un relato parcial do seu pasado por mor de dous móbiles consecutivos, máis que propiamente simultáneos.

O primeiro móbil, nos anos iniciais da posguerra, estribaría en potenciar o perfil de escritor antes da Guerra Civil, esvaecendo, agora que ostentaba un acomodado emprego da Ditadura na Fiscalía de Tasas, o papel de activista na Federación de Mocidades Galeguistas. Cando logrou o título de procurador dos tribunais, en 1949, o gobernador civil de Pontevedra, nun informe oficial, acreditaba que Celso Emilio Ferreiro era “militante” de Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista y “adicto al Nuevo Estado” (Dasilva 2016: 70-71).

O segundo móbil, nunha fase subseguinte, perseguiría compensar a imaxe de que Celso Emilio Ferreiro, coa publicación d’*O sono sulagado* en 1955, con corenta e tres anos, era un poeta en galego serodio, alegando ao seu favor que editara *Cartafol de poesía* antes da Guerra Civil. Sabino Torres, persoa próxima ao escritor nos anos 40, deu fe do seu afastamento naqueles tempos deste dominio artístico: “Daquela non era tal poeta, xa que a Celso Emilio, aínda que publicara antes da guerra *Cartafol de poesía*, o que lle bailaba na cabeza era a prosa” (Torres 2014: 110). E logo recalcaba: “A traxectoria de Celso Emilio en Pontevedra supuxo dez anos dunha actividade frenética, sempre á marxe da poesía” (*Ibid.*: 118).

## 2. Celso Emilio Ferreiro fala de *Cartafol de poesía* nos anos 70

A partir dun determinado momento, que se situaría a comezos da década dos 70, Celso Emilio Ferreiro tendeu a filtrar pormenores de *Cartafol de poesía*. Xosé Velo, compañeiro na xeira, falecera en 1972, polo que non podía pronunciarse ao respecto. Uns anos antes, nunha carta inédita a Xesús Alonso Montero, datada en Caracas o 2 de abril de 1968, explicaba privadamente en que consistira *Cartafol de poesía*, incitado se cadra pola curiosidade deste:

*Cartafol de poesía* foi n-efeuto un folletino que fixen, mau a mau, con Xosé Velo. Pirmeiro editamos a tapa do libro que lle mandamos a unhas cen amigos, poetas, escritores, xornales, revistas, etc. Na contracapa decía: “Conserve iste cartafol para coleccionar n-il os nosos poemas que recibirá de oxe en diante”. Cando dispoñíamos de cartos imprentábase algunhos poemas e remesábase aos poseedores do cartafol. Cando xa íamos no poema nº 20 (dez meus e dez de Velo) estoupou a guerra e foise todo ao carallo.<sup>2</sup>

O valor desta carta radica, para nós, en tres elementos substanciais. Primeiramente, Celso Emilio Ferreiro definía *Cartafol de poesía* tan só como un formato para difundir poemas autónomos entre os lectores. En segundo termo, non se arrogaba unha autoría excluínate doutros partícipes. En último lugar, aseguraba que se deran repartido vinte textos, unha metade súa e outra de Xosé Velo.

No ámbito público, xa non restritivamente privado, nunha entrevista con Miguel Castelo de 1978 divulgada após o seu falecemento, Celso Emilio Ferreiro revelábase consciente, como non podía ocorrer doutra maneira, dadas as noticias espaxadas no pretérito, de que *Cartafol de poesía* se trataba dun título extraño. E todo porque se sabía del, mais non se tiña accesibilidade a exemplares. Con interese patente, posiblemente porque se sentía obrigado a facelo así debido a ese paradoxo, detíñase a precisar a natureza de *Cartafol de poesía*:

O de *Cartafol de poesía*, aínda que xa sei que tú o sabes, é unha cousa que me gusta aclarar sempre, porque na miña bibliografía sempre inclúen ese “libro”. Pois ben, non hai tal libro,

senón unha carpeta, que é o que quere dicir cartafol, que tiñamos mandado a diversa xente e cando tiñamos cartos, que non era moitas veces, imprimiamos dúas follas, un poema del e outro meu, e mandábase aos mesmos aos que lle tiñamos mandado a carpeta, o cartafol. Cando íbamos xa no décimo ou duodécimo poema, estalou o chamado “glorioso Movemento Nacional” e xa se foi todo a... pase; quedou iso incompleto, claro, porque nós pensabamos chegar astra completar unha especie de libro no cartafol. Foi unha cousa mais ou menos orixinal que inventamos nós: en vez de imprimir un libríño e poñelo á venda, como ninguén nos conocía... fixémoslo deste xeito, e así mandamos esa carpeta como a dúascentas persoas, entre amigos e persoas conocidas, para que foran coleccionando os poemas, pero a cousa interrompiuse coa guerra. (Castelo 1981: 35)

Conforme se distingue, aflora un trasacordo palpable na porción de poemas, que pasaban a ser como moito unha ducia, non unha vintena como Celso Emilio Ferreiro lle testemuñara a Alonso Montero en carta. Polo demais, reiterábase a categoría de simple formato de *Cartafol de poesía* e a responsabilidade mancomunada con Xosé Velo.

Noutra entrevista daquelas datas, neste caso con María Xosé Porteiro e José Antonio Perrozo, de publicación analógicamente póstuma, Celso Emilio Ferreiro retornaba a *Cartafol de poesía* cun pouco máis de minuciosidade. A delimitación do formato concordaba co exposto na entrevista antecedente, e tamén os poemas –dez ou doce como máximo– que se expediron. Non obstante, facía fincapé como primicia en que posuía un exemplar, diferindo así doutras declaracións, aínda que con tres poemas:

O meu primeiro libro chamábase *Cartafol de poesía*, pro non é xustamente un libro.

Pepe Velo, que morreu en Sao Paulo e que xa dixeran que era un dos dirixentes das Mocidades Galeguistas xunto conmigo, era un grande poeta. Finou deixando moi poucos versos escritos porque se adicou mais a loita política e a outras actividades. Entón, él e mais eu, inventamos o *Cartafol*, que era xustamente iso, un cartafol. Remesámolo así como a dúascentas persoas entre escritores, poetas de Galicia, e outra xente por ahí. Despois, cando tiñamos cartos –que non era moitas veces–, imprentabamos unhas

<sup>2</sup> Esta carta está nos fondos de Xesús Alonso Montero depositados na Biblioteca da Deputación de Ourense. O mesmo sucede con outros materiais de Celso Emilio Ferreiro ao mesmo destinatario que se citarán.



follas no prelo cun poema de cada un e mandabamolo por correo ós que tiñan o cartafol pra que os foran coleccionando alí. Cando íamos no décimo ou no duodécimo poema, estoupou a guerra e o libro quedou así. Por iso decía que non é propiamente un libro.

Non sei si alguen dos que lle mandamos ese cartafol conservará algún exemplar. Eu teño un, pro soio con tres poemas; os outros, trasapeláronseme. Pro, ó cabo, figura na miña bibliografía. (Porteiro e Perozo 1981: 37)

En 1979, case a continuación destas dúas entrevistas, Celso Emilio Ferreiro elaboraba un extenso escrito con destino, segundo se prevía, ao volume terceiro das obras completas promovidas pola editorial Akal. Hai deste paratexto un mecanoscrito en galego co título “Notas” e, engadido de forma manuscrita, “a modo de limiar”. Ao final, tamén a man, consta o nome “Aristides Silveira” en calidade de signatario.

Alonso Montero utilizou en castelán o documento, coa designación “Notas a modo de limiar”, nunha monografía sobre o poeta, advertindo: “Debería figurar, y no figura, como prólogo del volumen III de sus *Obras completas* (Akal, Madrid, 1981). Nos comunica el editor que se incorporará al volumen IV (y último)” (Alonso Montero 1982: 32). En galego, nun artigo, anos despois, este estudoso regresou ao escrito, agora denominado “Notas sobre os meus libros”, coa puntualización: “Trátase de “Notas sobre os meus libros”, redactadas pouco antes do seu pasamento. Ían saír no volume 4º da *Obra completa*, que o editor nunca publicou. Contíña este volume: artigos, entrevistas, prólogos, poemas soltos, contos...” (Alonso Montero 1989: 72).

No “Suplemento cultural” de *Faro de Vigo*, nunha páxina de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro co gallo do seu segundo cabodano, facilitáronse os parágrafos de “Notas a modo de limiar” centrados en *Cartafol de poesía* (Silveira 1981), coa seguinte anotación: “Un traballo inédito de Aristides Silveira, seudónimo ou heterónimo de Celso Emilio. Foi escrito en 1979, pouco antes da súa morte, e debería figurar, como limiar, no volume III das súas *Obras Completas*” (Sen sinatura 1981).

En “Notas a modo de limiar”<sup>3</sup>, Aristides Silveira –ou sexa, Celso Emilio Ferreiro– insistía, ao primeiro, no paradoxo xa expresado

de que se evocase a miúdo *Cartafol de poesía* e non se tivese ningún exemplar:

Nos índices bibliográficos adicados a Celso Emilio Ferreiro aparece sempre citado este libro. Alguns lectores e críticos téñeno calificado de apócrifo ao non atopar vestixios del na prensa da época nen nas bibliotecas nen nas librerías de vello. Porén, *Cartafol de poesía* existiu, aínda que é preciso crarear que a súa vida foi efímera e accidentada. Con unha acuración mais: que nunca chegou a ser un libro.

Apuntábanse, como data, os días iniciais de marzo de 1936, apelando á memoria dun incidente biográfico:

O autor non lembra a data exacta da súa saída do prelo. Sabe que ocorreu após das eleccións do 16 de febreiro de 1936 que lle deron o trunfo ao Frente Popular. Poucos días mais tarde, unha amnistía decretada polo goberno de Azaña, deixaba sen efecto a causa e proceso penal que se lle estaba seguindo a Celso Emilio nun Xuzgado de Ourense por mor dun artigo subversivo [subliñado orixinal] publicado no semanario *Guieiro*, voceiro da Federación de Mocidades Galeguistas das que o poeta era Segretario de Organización. Esta amnistía coincideu, mais ou menos, coa saída de *Cartafol*. Digamos, pois, que foi nos primeiros días do mes de marzal seguinte.

Matizábase que *Cartafol de poesía* agromara co obxecto de conceder visibilidade aos poemas de Celso Emilio Ferreiro e de Xosé Velo, inéditos na meirande parte. Tamén se delineaban as características da empresa:

Unhas semás antes, Celso Emilio e o seu grande amigo Xosé Velo Mosquera (morto exiliado no Brasil en 1972) ambos os dous residindo na súa vila natal de Celanova, decidiron dar a coñecer os poemas que un pouco vergoñeiramente escribían e mutuamente se lían no cafetín do pobo. Como carecían de editor e non dispuñan dun mecenas que custeasen as súas angueiras líricas, idearon unha orixinal maneira de publicación que fose doada para as súas escasas posibilidades económicas: na imprenta dun parente de Ferreiro, e a precio de custe, imprimíronse douscentos cartafoles con o título indicado, os nomes dos dous poetas e unha nota na que se advertía ós presuntos lectores a comenencia de que conservasen aquelas tapas a fin de coleccionar nelas poemas que, en follas soltas, recibirían

<sup>3</sup> Emprégase este título e séguese a versión que se encontra nos fondos de Xesús Alonso Montero na Biblioteca da Deputación de Ourense.

periodicamente. E tais cartafoles, ilustrados cunhos corondeis un tanto cubistas, saíron por correo en número de cento cincuenta, destinados a outros tantos suscriptores gratuitos, seleccionados ante a xente de letras e xornalistas do país, amén de familiares e amigos ausentes.

Seguidamente, aduciábase que, desde marzo ata o levantamento do 18 de xullo, puxéronse en circulación dezaseis poemas. Esta era unha nova cifra que discrepaba das que Celso Emilio Ferreiro dera en carta a Alonso Montero –vinte– e en dúas entrevistas –dez ou doce–, antes comentadas. Para desculpar a carencia de exemplares, esgrimíase a irrupción da Guerra Civil, que carrearía, ao parecer, que os destinatarios de *Cartafol de poesía* e os familiares dos autores se desfixesen dos mesmos:

Nas escasas vinte semás transcurridas dende os primeiros días de marzal até o tristemente sonado 18 de xullo, Celso Emilio calcula que enviaron un total de dazaseis poemas: oito cada quen. Foi un feito probado que ó estoupar o chamado Movemento Nacional, os receptores de *Cartafol*, xente liberal e por ende sospeitosa para o novo estatus, aprestáronse a destruír aqueles inocuos versos que, por estar escritos en galego (e non na lingua do Imperio), constituía, para a mentalidade dos represores, unha proba evidente de que o seu posuidor era un roxo e tamén un separatista. Caso de serlle achado tal corpo do delito, ninguén daría un patacón pola vida do disgraciado receptor.

Cando aqueles dous mozos poetas voltaron da guerra, á que foran por leva forzosa, os exemplares de *Cartafol* que deixaran nos seus fogares como fondo de reserva editorial, tamén tiñan desaparecido. A man piedosa dalgún familiar, aterrado pola represión sanguinante dos vencedores, dera ó pasto das chamas aqueles papeis tan perigosos [subliñado orixinal].<sup>4</sup>

Agregábase que, en todo caso, Celso Emilio Ferreiro recuperara en Celanova, por azar, un orixinal de *Cartafol de poesía* con cinco poemas:

Pasados moitos anos, e por azar, Celso Emilio atopou, dentro dun groso volume da biblioteca municipal de Celanova, un exemplar de *Cartafol* contendo somente os cinco poemas que aquí se reproducen, e ós cuais se lle engadiron outros cinco inéditos da mesma época, que unha vella amiga de Celanova conservaba e que, poucos meses antes do seu pasamento, lle entregou ó poeta. *Sic tibi terra levis*.

Esta confesión era incompatible co que relatara na entrevista con Porteiro e Perozo, onde alardeaba de ter un exemplar de *Cartafol de poesía* con tres poemas. Tampouco coincidía co que lle comunicaba a Alonso Montero un ano antes. Efectivamente, nunha carta desde Madrid do 8 de febreiro de 1978, transmitíalle que acompañaba “fotocopia de *Cartafol*, cos tres únicos poemas salvados”<sup>5</sup>. Polas nosas indagacións, nin na Biblioteca Municipal de Celanova nin en ningunha outra institución desta localidade está o exemplar de *Cartafol de poesía* polo visto exhumado<sup>6</sup>. Establecido contacto coa Fundación Celso Emilio Ferreiro sobre este extremo, tampouco aquí se custodia.

Nesa misiva a Alonso Montero, especificábase un cómputo de poemas –oito ou dez– diverxente dos tres alegados –vinte, dez ou doce e dezaseis– noutras ocasións:

Como xa che dixen o estalar o “glorioso movemento nacional” tiñan saído xa oito ou dez poemas en total, pro a miña familia, anque era de dereitas, tivo medo dos poemas “separatistas” e queimou os cartafoles que eu tiña reservados, aproveitando que eu estaba ausente, “refuxiado” na casa dunhos tíos meus en Ramirás.

<sup>4</sup> Isto non está en sintonía co clima de benevolencia que, desde a óptica de Celso Emilio Ferreiro, imperara en Celanova na Guerra Civil: “Agora, é certo que houbo moitas mortes violentas de xente que sacaban do mosteiro e os asasinaban no monte Furriolo e sen ir mais lonxe en calquera carretera. Pero eu refirome a que esas barbaridades coa xente da vila non as cometeron; posibelmente por unha razón: que todos os que eramos de esquerdas, das Mocidades Galeguistas –o grupo das Mocidades de Celanova tiña bastante importancia–, eramos todos fillos de familias de dereitas. Tanto o Velo como eu, como o Clodo... que eramos así, os “revoltosos”, eramos de familias de dereitas, e, claro, non era cousa de matarlle os fillos ás familias de dereitas. E tamén porque algunha xente da que andaba por alí no momento non era enconada” (Castelo 1981: 35).

<sup>5</sup> Na carta, autógrafa, escribiuse orixinalmente “dous” e riscouse para colocar enriba “tres”, o que depara un signo máis dos titubeos de Celso Emilio Ferreiro.

<sup>6</sup> Antonio Piñeiro, erudito nas angueiras de Xosé Velo e Celso Emilio Ferreiro en terras celanovesas (Piñeiro 1991, 2000, 2008), validounos esta lagoa bibliográfica. Celso Emilio Ferreiro adoitaba peneirar, non raramente, as novidades arredor dos seus libros, como se certifica con diafanidade por exemplo en *Al aire de tu vuelo* (Dasilva 2020) e *Antipoemas* (Dasilva 2017).

Como remate de “Notas a modo de limiar”, exteriorizábase o designio de que os cinco poemas descubertos na Biblioteca Municipal de Celanova acabasen no volume terceiro das obras completas de Akal:

O autor sabe que, en uso dun dereito indiscutible, podería refugar e dar ó esquecemento estes poemas. Non quere facelo así por un imperativo moral que para el está por enriba de calquer razón de índole estética ou literaria. Sabe que os seus poemas son primeirizos e floxos de talante e de talento. Mais sabe tamén que son seus e que, se os agachase, acaso conseguira enganar por omisión ós seus lectores, pero non á sua propia conciencia de pai da creatura. É mais, o autor anecía fervorosamente que as páxinas do terceiro tomo das suas obras completas se enceten coistes humildosos poemas que foron silenciados pola violencia e a xenreira. Sexan eles un mínimo homenaxe ós mártires sacrificados, con alevosía e nouturnidade, pola mesma violencia e xenreira. Eles, coma os poemas, eran inocentes.

En resumo, ao longo dos anos 70, percíbese que Celso Emilio Ferreiro mudou o seu discurso con relación a *Cartafol de poesía* en función de tres criterios moi diferentes aos que axudara a estender antes desa etapa: 1º) non se trataba dun libro, senón dun formato; 2º) el non era o único autor, compartindo a paternidade con Xosé Velo; e 3º) saíu do prelo en 1936, non en 1935. Así a todo, flutuaba con incoherencia na suma de pezas de *Cartafol de poesía*, ata proporcionar catro cálculos dispares: vinte, dez ou doce, dezaseis e oito ou dez.

### 3. *Cartafol de poesía* nas edicións da obra de Celso Emilio Ferreiro

De forma fragmentaria, a primeira vez que se editou un poema supostamente pertencente a *Cartafol de poesía* foi no ano 1955. Na colección *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos*, de Fernández del Riego, incluíronse sete textos, dos cales era inédito “María Soliña”, que entraría en *Longa de noite de pedra* sen este verso derradeiro: “¡Todo pasou tan axiña...!”. Cinco proviñan d’*O soño sulagado*: “O medo”, “Ollaime ben”, “Saudade”, “Moi lonxe” e “Os ratos”. O primeiro dos poemas, “O sono do neno”, procedía de *Cartafol de poesía*, a teor das indicacións de Celso Emilio Ferreiro (Fernández del Riego 1955: 270).

De modo máis completo, *Cartafol de poesía* transferiuse ao público soamente en 1981, no volume terceiro das obras completas

emprendidas pola editorial Akal (Ferreiro 1981), que dera á luz outros dous volumes seis anos atrás (Ferreiro 1975a, 1975b). Por unha carta a Alonso Montero do 8 de febreiro de 1978, mencionada con anterioridade, sábese que o poeta colaborara na preparación deste volume, aínda que sexa póstumo: “Estou a traballar nas cousas do terceiro tomo. Dentro de un par de semás chegarache o que me tes pedido”.

Dentro do volume primeiro das obras completas, nun capítulo bibliográfico, afirmábase que *Cartafol de poesía* estaba formado por “dez poemas de C. E. F. e dez de Xosé Velo, en seis entregas” (Ferreiro 1975a: 17), sen clarificar tal circunstancia. Por outra parte, no interior do volume segundo, nun preámbulo titulado “Notiñas pra este segundo volume (derradeiro da poesía do C.E.F.)”, púñase énfase en que se agasallaba en apéndice un poema de *Cartafol de poesía* e, ademais, se andaba “á percura dos outros nove poemas de *Cartafol de poesía* (Ourense, 1935) que no seu día ofreceríamos” (Ferreiro 1975b). O texto era “O sono do neno”, proveniente de *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos*, e non se desvelaba o fundamento que autorizaba a referirse aos nove poemas pregoados, totalizando *Cartafol de poesía*, así, dez contribucións de Celso Emilio Ferreiro.

Finalmente, o devandito volume terceiro das obras completas abríase cun conxunto de cinco poemas, en versión bilingüe galega e castelá, agrupados baixo o rótulo *Cartafol de poesía* (Ferreiro 1981: 7-17). Eran os seguintes: [Coñezo ben as túas bágoas], “Abrente”, “Explicación”, “Apunte” e “Cantares”. Este lote resultaba congruente coa presunta recuperación dun exemplar, contendo non máis de cinco textos, que Celso Emilio Ferreiro levara a cabo na Biblioteca Municipal de Celanova.

En 1983, no volume *Poesía galega completa*, publicado en Edicións Sálvora por Alonso Montero e Arturo Reguera López, *Cartafol de poesía* estaba conformado por seis poemas nesta disposición: [Coñezo ben as tuas bágoas], “Apunte”, “Abrente”, “Explicación”, “Cantares” e “O sono do neno”. Ao acrecentarse este último, solucionábase o desarranxo aparente que significara a ausencia do “O sono do neno” no volume terceiro das obras completas.

En *Poesía galega completa*, na sección “Bibliografía de Celso Emilio Ferreiro”, co nome de Alonso Montero ao pé, describíase *Cartafol de poesía* e, atinadamente, lanzábase unha interrogación no que fai á auténtica cantidade dos

seus textos: “Trátase de entregas de dúas páxinas, unha cun poema de Celso Emilio Ferreiro e outra cun de Xosé Velo Mosquera. ¿Publicáronse dez, como sinalou no seu día Celso Emilio Ferreiro?” (Ferreiro 1983: 13). No mesmo volume, no prefacio “A nosa edición”, asinado por Arturo Reguera López coas súas iniciais, incidíase na conta incerta de poemas. A seguir, xustificábase a decisión de conferir os seis poemas antes enunciados:

En *Cartafol de poesía* persiste o enigma sobre o número de poemas de C. E. F. que chegou a ter, dado que se publicaba en follas soltas. Tense dito frecuentemente que foron dez, e Celso Emilio, a través de Aristides Silveira (vid. *Celso Emilio Ferreiro*, 2 vol., X. Alonso Montero, Júcar, Madrid, 1982) calcula que deberon de ser oito máis ou menos. Nós damos os cinco que Celso publicou en O. C. 3 (Akal, Madrid, 1981) e o que publicara F. Fernández del Riego en *Escolma de poesía galega. Os contemporáneos* (Galaxia, Vigo, 1955), que se reproduce en O. C. (Akal, Madrid, 1975). (A. R. L. 1983: 31)

Nesta “A nosa edición” garantíase, con prudencia, que só se puideran supervisar os orixinais das dúas composicións iniciais –[Coñezo ben as túas bágoas] e “Apunte”–, entre as seis recollidas. Tales orixinais correspondían aos manuscritos deses poemas que Celso Emilio Ferreiro cedera a Filgueira Valverde en 1936, como despois se ha ver, dos cales, por deferencia deste, Alonso Montero tiña unha reprodución<sup>7</sup>. Tamén se anticipaba unha aproximación máis, noutro lugar da edición, ás pexas suscitadas por *Cartafol de poesía*:

Queremos facer a cautela de que en edición orixinal só vimos os dous primeiros poemas, segundo o orde en que os damos nós. Respetamos as modificacións introducidas polo autor en O. C. (vid. Alonso Montero, ob. cit.). Nas notas ós poemas soltos volverase un pouco sobre o tema. (A. R. L. 1983: 31)

A última recompilación, ata arestora, da obra poética en galego de Celso Emilio Ferreiro é o volume *Poesía galega completa*, a cargo de Ramón Nicolás, de Edicións Xerais de Galicia (Ferreiro 2004). Esta edición circunscribiuse sen ningunha apostila ao corpus de *Cartafol*

*de poesía*, con media ducia de textos, das edicións precedentes de Akal e Sálvora.

#### 4. A verdade sobre *Cartafol de poesía*

As incertezas que prexudican a *Cartafol de poesía* conéctanse, segundo xa se dixo, mormente con dúas cuestións: 1<sup>a</sup>) o número de poemas desta iniciativa que adquiriron publicidade mediante o envío aos seus receptores; e 2<sup>a</sup>) a cronoloxía da iniciativa en si. En efecto, con pesimismo xulgouse que *Cartafol de poesía* era, por desgraza, un mosaico “de imposible reconstrucción exacta” (Xove Ferreiro 1992: 35). Por outra banda, en canto á súa altura temporal, opinouse en sentido similar: “Os problemas de Celso Emilio co número de poemas, que xa non conserva, hai que engadir os existentes con respecto á data de composición” (*Ibid.*: 35).

Durante catro décadas, desde o desenlace da Guerra Civil ata o seu finamento, Celso Emilio Ferreiro máis ben non recompuxo este crebacabezas de vez, e ata confundiu aínda máis as cousas con testemuños inconsecuentes. Como se comprobou, barallou distintos díxitos, bastante heteroxéneos, no concernente aos poemas de *Cartafol de poesía*. Alén diso, encargouse de propalar, ao longo de moito tempo, que o emprendemento se remontaba a 1935.

Malia todo, estase en condicións de esclarecer, incluso de forma practicamente categórica, estas interrogantes. Grazas a fontes eminentemente obxectivas, ha ser posible cuantificar os textos de *Cartafol de poesía* e, asemade, acoutar a súa cronoloxía.

##### 4.1. A produción poética de Celso Emilio Ferreiro antes da Guerra Civil

Os poemas Celso Emilio Ferreiro antes de 1936, con case vinte e cinco anos de idade, non exceden dun feixe magro de máis. Isto chama a atención, porque se trata dun ciclo en que o xénero lírico atanguou unha enorme vitalidade en Galicia. En total, os éditos en galego da súa autoría que se catalogan son estritamente catro, e rubricados con nomes desiguais, tres no semanario ourensán *Heraldo de Galicia* e un en *Faro de Vigo*. Clasificados por data, son estes: “Malas lingoas” (Ferreiro Miguez 1932), “A canción d’o trotamundos” (E. F. R. 1932),

<sup>7</sup> Atestou Alonso Montero (1982: 34): “Debemos al propio Filgueira la noticia de esta utilísima antología (“O primeiro Celso Emilio”, *Faro de Vigo*, 9-X-79), y a su amistad la fotocopia de las páginas en prosa y de las nueve composiciones”.



“Arenga” (Ferreiro Míguez 1933b) e “Poema do amigo ausente” (Ferreiro 1934).

Cómpre pór de relevo que Celso Emilio Ferreiro, neses anos, non personificaba por enteiro un poeta monolingüe en galego, a pesar do que indicaría en “Notas a modo de limiar” a propósito de *Al aire de tu vuelo*:

Un libro de aprendiz de poeta, que escribe por primeira vez nunha lingua que non é a súa natural (xa que ésta estaba entón vedada como instrumento literario) pretendendo seguir os ronseles trazados polos mestres que daquela lle puñan –como din na miña terra– o rabo ás cereixas da poesía castelán.

Igualmente ao contrario do que argüía nesta pasaxe de “Notas a modo de limiar”, a vacilación idiomática persistiu tras a Guerra Civil, como González Martín (1972: 181) fixo notar perante *Al aire de tu vuelo* y *Bailadas, cantigas y donaires*: “Estos libros representan una doble duda: de lengua y de tema. No está el poeta seguro de qué lengua utilizar para expresarse”. Certamente, Celso Emilio Ferreiro combinou, na posguerra, o castelán e o galego, que está presente por primeira vez na poesía “Aldebarán”, inserida na revista *Sonata Gallega*, na primavera de 1944, co pseudónimo Celso de Cela. A finais dos anos 40 e na apertura dos 50, alternou as dúas linguas na revista *Alba*, onde o seu primeiro poema en galego, co título “O medo”, compilado en *O soño sulagado*, só vai aparecer no número 12, en 1952.

Unha evidencia inequívoca de que Celso Emilio Ferreiro cultivara o castelán antes da Guerra Civil é o poema “Romance del recuerdo” (Ferreiro Míguez 1933a). Con nulo rigor, foi considerado erroneamente de principios dos anos 40 por Domínguez Sío e Palacio Sánchez (1992)<sup>8</sup>. Este é o texto integral:

Mientras promesas tus ojos  
sangran sonrisas tus labios  
y una estela de inquietudes  
queda temblando a tu paso.  
(Van enjambres de deseos  
tras la flor de tus veinte años)

Fuiste una estrella perdida...  
ibas de un lado a otro lado

encendiendo hogueras rojas  
en los pechos apagados.  
¡Un día...!

Un día viniste a mí  
y yo te extendí mis brazos:  
traías en tus pupilas  
hondos reflejos extraños.  
(Tus ojos eran espejos  
donde se miraban tantos...)

Y perfumes desvaídos  
en los lirios de tus manos.

Un día viniste a mí  
con tus vicios y pecados  
y fui un esclavo más  
entre todos tus esclavos.

Tu boca dejó en mi boca  
un sabor acre y amargo.  
(Gasté no sé cuánto tiempo  
en verme recuperado)

Hoy sé que vuelves a mí  
pero tu retorno es tardo;  
tengo el alma toda llena  
de otro amor más puro y santo.

Hoy sé que vuelves a mí  
pero tu retorno es vano...  
(No llames, no a mi puerta;  
no llames, que no te abro).

Á vista destes datos, constátase que os poucos poemas de Celso Emilio Ferreiro—cinco, sinxelamente— se propagaron entre xullo de 1932 –“Malas lingoas”– e abril de 1934 –“Poema do amigo ausente”, sen dar a coñecer máis en medios periódicos antes do 18 de xullo de 1936. Outra verificación aséntase, alén da vacilación idiomática entre o galego e o castelán, na inseguridade onomástica do escritor, que non se valía dunha sinatura uniforme por entón, o que encerra un sinal notorio da súa pobre proxección como poeta. Descóbrese tres variantes: 1º) Emilio Ferreiro Míguez; 2º) E. F. M.; e 3º) Emilio Ferreiro.

Con independencia destes cinco poemas éditos, do tempo anterior á Guerra Civil desenterráronse logo algúns inéditos, tamén pouco nutridos. No volume terceiro das obras completas, á parte dos seis asignados a *Cartafol de*

<sup>8</sup> Os autores mesmo elucubraron temerariamente sobre Moraima para aboaren a súa aventurada tese: “Asemade, hai no poema dous versos (“tengo el alma toda llena / de otro amor más puro y santo”) que parecen aludir ó amor de Moraima, a quen C.E.F. coñecera no ano 1938” (Domínguez Sío e Palacio Sánchez 1992: 297).

*poesía*, ofrecéronse como “Poemas inéditos da mesma época” cinco máis: “O poema da ausencia”, “Os trocos”, “Estreliña”, “Xogo” e “Oración ao romper o día” (Ferreiro 1981: 19-29). Segundo se avisaba en “Notas a modo de limiar”, doárallos ao poeta “unha vella amiga de Celanova” antes de finar.

Hai que xuntar sete dos nove poemas encamiñados por Celso Emilio Ferreiro a Xosé Filgueira Valverde para a antoloxía de poesía galega que planeaba naquelas datas. Velaquí os títulos: “Infanza”, “Voz inútil”, “Ti i-eu”, “Límites”, “Do íntimo”, “Poema en silencio” e “Cando?”. Os dous restantes –“Ti: surrixa de Deus” e “Apunte”– terminaron na versión de *Cartafol de poesía* do volume terceiro das obras completas de Akal, o primeiro sen título como [Coñezo ben as túas bágoas]. Estes nove poemas rescatáronse primixenamente en 1979, uns días despois do óbito de Celso Emilio Ferreiro, nun artigo xornalístico do polígrafo pontevedrés (Filgueira Valverde 1979). Alonso Montero fixose eco noutro artigo, dous anos máis tarde, e posteriormente nunha monografía sobre o escritor (Alonso Montero 1981, 1982: 33-34).

En suma, o balance de Celso Emilio Ferreiro antes de 1936 só ascende a non máis de vinte e tres poemas. Como editados, catro en galego e un en castelán. E como non editados, dezaioito en galego: 1º) seis de *Cartafol de poesía* nas obras completas de Akal; 2º) cinco cedidos por unha antiga amizade feminina de Celanova; e 3º) sete remitidos a Filgueira Valverde para a súa escolma. Sen dúbida, é un inventario esaxeradamente exíguo, e asombra o notable desequilibrio entre as composicións éditas e inéditas. Ao cabo, de Celso Emilio Ferreiro como poeta só se coñecía en galego, cando estalou a Guerra Civil, un patrimonio de menos de cinco poemas. Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carballo Calero e Álvaro Cunqueiro, coevos seus, tiñan xacando varios libros na rúa.

#### 4.2. Celso Emilio Ferreiro en *Escolma da lírica galega* (1936), de Xosé Filgueira Valverde

Pese a non exhibir unha produción polo menos medianamente diseminada, Celso Emilio Ferreiro atreveuse a pór nas mans de Filgueira Valverde un repertorio de nove poemas para a antoloxía *Escolma da lírica galega*, que estaba a artellar entre 1935 e 1936. A misión encomendárala o Seminario de Estudos Galegos por ser o director da sección de Historia da Literatura da institución, coa finalidade de conmemorar, en 1937, o centenario do nacemento de Rosalía de Castro.

Filgueira Valverde principiara a planificar a antoloxía, dividida en múltiples tomos, concibindo dous consagrados aos autores vivos, desde Antón Noriega Varela e Ramón Cabanillas aos máis novos. A Guerra Civil provocaría que a encarga de Seminario de Estudos Galegos non callase, sen que Filgueira Valverde sacase á luz endexamais a documentación que axuntara, a non ser a dalgúns autores entre os que sobresaen Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro ou Aquilino Iglesia Alvariño. Por fin, esta antoloxía, no estadio que acadara, publicouse mercé ao esforzo de Ana Acuña e Alonso Montero (Filgueira Valverde 2008).

Como tarefa preliminar, Filgueira Valverde emitira unha circular, chamada “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega”, ás persoas que aspiraba a reunir, demandando datos sobre os seguintes puntos: “Biografía do poeta”, “Formación”, “Obra”, “Poética”, “Linguaxe”, “Bibliografía” a “A escolma”. As respostas debían enderezarse, no mes de xaneiro de 1936, ao seu domicilio en Pontevedra. Nunha nota final, alertábase de que se provía de copias da enquisa a cada autor, “por si, por erros de dirección ou por escrusión involuntaria, non tivera chegado aínda a outros poetas seus coñecidos” (Filgueira Valverde 2008: 85). Con iso, procurábase ampliar o máis posible o chamamento para tomar parte na antoloxía<sup>9</sup>.

<sup>9</sup> Alonso Montero (2008: 36-37) reparou con perspicacia no reto que asumía Filgueira Valverde con esta actuación: “O procedemento, eficaz para o erudito, era arriscado para o antólogo, que, deste xeito, quedaba obrigado a ofrecer, na Antoloxía, textos, aínda que fosen moi escasos, de escritores non só de pouca sona senón de moi exíguo nivel, o que era máis grave”. Cabe realzar que Ricardo Carballo Calero, na súa contestación ao “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega”, non prescindía deste reproche: “Craro que ti incuirás na Antoloxía outros moitos poetas. Sería de desexar que non foras demasiado xeneroso. Un señor que sexa músico ou médico ou abogado e que un día de optimismo teña feito unha composición poética, non debera por iso mesturarse cos poetas na Antoloxía” (Filgueira Valverde 2008: 277).

Polos seus mínimos versos éditos, non era de agardar que Celso Emilio Ferreiro resultase digno de convite para a *Escolma da lírica galega*, posto que carecía a todas luces de virtudes suficientes. Emporiso, o celanovés dirixíalle unha carta manuscrita a Filgueira Valverde, co “Inquerito previo a unha Escolma da lírica galega” e unha serie de nove poemas, datada o 28 de xaneiro de 1936, respectando fielmente así o prazo estipulado<sup>10</sup>. Este é o contido literal da misiva:

Distinto irman: Por meiación de Xosé Velo, recibín seu inquerito previo a unha Escolma da Lírica Galega, o cal lle remito respogado.

Folgariame que vostede acollera xenerosamente miña cativa produción.

Estou a preparar, en colaboración con Velo, unha edición pra amigos, dos nosos poemas, tidoada *Cartafol de poesía*, que lle remitirei axiña.

Quedo de voste, irmán en arelas.

Salientan na carta, especialmente, tres detalles. O primeiro é que Celso Emilio Ferreiro non recibira directamente o “Inquerito previo a unha Escolma da lírica galega”, senón que llo traspasara Xosé Velo, a quen si llo subministrara Filgueira Valverde. Pola súa conta, o noso autor enviouno co humilde rogo, segundo remarcaba, de que “xenerosamente” tivese cabida a súa “cativa produción”. O segundo detalle é que Celso Emilio Ferreiro, con esas palabras, ratificaba que a súa obra non superaba un caudal restrinxido. Á fin, o terceiro detalle é que anunciaba *Cartafol de poesía* como proxecto, en compañía de Xosé Velo, comprometendo a súa remisión a Filgueira Valverde cando estivese listo.

Incuestionablemente, a intervención de Xosé Velo foi decisiva para que Celso Emilio Ferreiro tivese noticia dos plans de Filgueira Valverde na *Escolma da lírica galega*. A diferenza súa, el si gozaba de certa sona como poeta, aínda que contase con catro anos menos, sobre todo tras a aparición da peza “Alciprés”, de amplo alento, na revista *Nós*:

Door da soledade.  
 Maus erguidas no campo de cruces.  
 Loito do vento...  
 Vontade: sempre verde.  
 Pol-o teu corpo andan os últimos pensamentos.  
 Cando eu morra, alciprés,  
 na tumba non presentida  
 no cimiterio,  
 guiarás por min as raíces enfermas das violetas...  
 i-eu sintireite dentro  
 correr en arreguizos de michola  
 pol-os osos...  
 e sonarei a arpa  
 nun lirismo supremo...  
 E todol-os sartegos perdidos da lembranza  
 abandonarán o leito  
 do xardín;  
 i-ô residuo de alma que hai na queixa,  
 virán  
 coma volvoretas atiridas  
 voando en col...  
 Cabaleiros da noite.  
 Berro unánime dos mortos  
 xiado.  
 Língua rixida.  
 Lazariño cego...  
 Pol-o teu vértice  
 destilas a neurastenia  
 do luar.  
 En cada rama túa  
 hai acios de virxes brancas.  
 Alá erguida da noite.  
 Pararraios inverso.  
 Tesón perenne as outuras.  
 Oda en silencio...  
 Alciprés,  
 telescopio inmóbil dos vagores eternos,  
 as cobras das túas raíces soan sagrados  
 frustrados nas tabernas dos corazóns dos mortos.  
 Índice da bocanoite...  
 Alciprés, qué vendes...?  
 Pol-a boca sucia de total-as caveiras  
 beber ei, ei...  
 borracheira en silencio. (Velo 1935: 44-45)

Non é casual que, moitos anos despois, Celso Emilio Ferreiro gabase con paixón a reputación poética de Xosé Velo na narración retrospectiva *A taberna do Galo*:

Alto, fraco, de longo narís, Velo fora un orador nato da escola de Basilio Álvarez. Falaba con

<sup>10</sup> Temos un duplicado do orixinal desta carta e do sobre, así como do material de Celso Emilio Ferreiro, todo dos fondos de Filgueira Valverde no Museo de Pontevedra. O papel da carta está timbrado co nome “Emilio Ferreiro Míguez”. No sobre, con cuño postal do mesmo 28 de xaneiro de 1936, púxose este enderezo: “Dr. Filgueira Valverde, Arzobispo Malvar, 47, Pontevedra”. E como remite: “Emilio Ferreiro, Curros Enríquez, 17, Celanova”.

voz tronante pondo os brazos abertos coma un Cristo labrego. As súas palabras, que lle abrollaban dun manantío profundo, eran convincentes e cheas de senso popular. Era un grande poeta, si de escasa obra, de abundosas desventuranzas. Á edá de 17 anos publicou un poema na revista *Nós* que, polo seu lirismo de avangarda, chamou a atención da Galicia literaria daquel tempo. (Ferreiro 1978: 26-27)

No tocante á mediación de Xosé Velo, entre os materiais que se salvagardaron da *Escolma da lírica galega* subsiste un folio manuscrito onde Filgueira Valverde anotou o nome de corenta e catro poetas, coas datas de envío do “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega” a cada autor e das respostas destes. Nese folio está xustamente o nome de Xosé Velo e falta o de Celso Emilio Ferreiro (Filgueira Valverde 2008: 87). A data no seu caso é o 19 de decembro de 1935, sen que se transluz a entrada da resposta, que o máis seguro non se forneceu.

Tamén hai outro manuscrito de Filgueira Valverde, unha especie de borrador sen título, en que enumerou uns oitenta poetas (Filgueira Valverde 2008: 88). De novo non figura aí Celso Emilio Ferreiro e si Xosé Velo, co apuntamento a carón “Celanova”, nunha sección coa etiqueta “Outros poetas”, contigua a outra identificada como “Poetas con obra personal”. Xa que logo, faise completamente verosímil que Xosé Velo recibise en persoa o “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega” e que outro tanto non acontecese co seu amigo.

Verbo do “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega” mandado por Celso Emilio Ferreiro, o orixinal do mesmo permite observar que pasou a máquina, coidadosamente, os diversos puntos deseñados por Filgueira Valverde e as respostas en catro folios. En cada un, como encabezamento, están o número de folio, “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega” e as iniciais E. F. M. Os nove poemas propostos escribíronse a man en cadansúa folla independente, e sorprende que non estea entre eles ningún dos catro que dera aos lectores en *Heraldo de Galicia* e *Faro de Vigo* entre 1932 e 1934.

Das respostas de Celso Emilio Ferreiro, interesa fixarse en que el mesmo recoñecía, no punto referente a “Obra”, a catividade do que ata entón creara, tanto pola cantidade como pola calidade. Se callar por iso volvía proclamar, igual que na carta, *Cartafol de poesía* como arela inmediatea:

Comencei a faguer poesía aos dazaseis anos, en 1928. Teño todo inédito a non ser algunha cousa

[subliñado orixinal] infantil saída á luz en xornales efímeros e sin importancia.

Proeito, en colaboración con Xosé Velo, imprimir meus poemas en unha orixinal edición pra amigos, tidoada *Cartafol de poesía* que será remitida gratuitamente a tódolos xornales galegos, escritores e amigos, pra que coleicionen os poemas que en follas soltas i encuadernables, se lle irán mandando periódicamente, deica un número determinado.

Importa destacar que, na transcripción do “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega”, Celso Emilio Ferreiro omitía, reveladoramente, o punto “Bibliografía”. Por suposto non lle conviña en absoluto, pola diminuta envergadura do seu acervo. Neste punto, Filgueira Valverde solicitara o seguinte:

Relación, cuidadosamente pormenorizada, de impresos. Facendo constar as distintas edicións, lugar, editorial e ano; número de páxinas, formato, ilustracións, xustificación da tirada, etc.

Relación de inéditos con noticia do seu contido. (Filgueira Valverde 2008: 85)

Como consecuencia obvia, no punto “A escolma”, Celso Emilio Ferreiro pregaba expresamente: “Quixera se incruisen todolos poemas que lle remido”. Admitía, así, que Filgueira Valverde tería extremas dificultades para achar textos seus. Naturalmente, o celanovés imaxinou que a *Escolma da lírica galega* comportaba unha magnífica oportunidade para se promocionar como poeta. Nun artigo en *El Pueblo Gallego* do mesmo mes de xaneiro de 1936, acentuábase que a antoloxía sería magnánima á hora de captar poetas sen libros:

Un criterio de holgura y generosidad presidirá la selección de los poetas que integren la susodicha Antología. Así podrán figurar en ella poetas que, aun cuando no hayan escrito ningún libro, cuentan con una obra de alta calidad, desperdiciada por revistas y diarios. (Sen sinatura 1936)

Agora ben, nin tan sequera este era o caso de Celso Emilio Ferreiro, quen actuou con ousadía, por conseguinte, ao postularse para a *Escolma da lírica galega*. O certo é que, de forma significativa, ningún outro autor requirido o citaba, nas respostas ao “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega”, como poeta que debese estar entre os elixidos por Filgueira Valverde, o que non fai máis que confirmar o parco renome que se lle outorgaba por aqueles días.



No que respecta aos nove poemas de Celso Emilio Ferreiro para a *Escolma da lírica galega*, os editores de *Poesía galega completa*, de Sálvora, especularon que os sete non colecciónados no volume terceiro das obras completas de Akal serían tamén de *Cartafol de poesía*, a partir do seguinte argumento: “Dado, por tanto, que estes nove poemas eran os que C. E. F. máis estimaba na época, é de supoñer que se *Cartafol...* tivo máis dos seis poemas que damos no seu lugar, os restantes formarían parte de este feixiño” (Ferreiro 1983: 526). Esta presunción referendouna Xove Ferreiro (1992: 36):

En definitiva, contamos hoxe cun total de 18 poemas de Celso Emilio pertencentes á época anterior á guerra. Seis deles deunos o propio Celso Emilio como de *Cartafol*, mais tamén se lles poden xuntar sen demasiada violencia os sete inéditos dos nove que enviara a X. Filgueira Valverde, entre os cales ían dous positivamente de *Cartafol*.

Recentemente, Xavier Ferreiro Loreda, fillo menor do escritor, defendeu a mesma conxectura no volume *Birimbao. Poemas de mí para ti (1937-1939)*, mostrario de poemas en castelán da Guerra Civil, aínda que como pretendida novidade, ignorando as suposicións dos responsables da edición de Sálvora e de Xove Ferreiro. Este era o seu razoamento: “Pois ben. A idea principal é a seguinte. Eses nove poemas que CEF remite a Filgueira Valverde son parte principal da verdadeira cerna do tronco poético de *Cartafol de poesía*” (Ferreiro 2020: 31). E deseguido reafirmaba con satisfacción: “Tanto tempo buscando o material que faltaba de *Cartafol de poesía* e velai estaba unha parte moi importante: ouro virxe agardando o bateo no Inquérito Previo de Xosé Filgueira Valverde” (*Ibid.*: 32).

#### 4.3. Algúns exemplares conservados de *Cartafol de poesía*

Desafortunadamente, tardouse demasiados anos en acceder a algún exemplar de *Cartafol de poesía*, o que se erixiu nun motivo cardinal

para que continuase vixente o seu misterio. Naquela páxina de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no “Suplemento cultural” de *Faro de Vigo* publicada no verán de 1981, polo segundo aniversario do seu falecemento, amosábase a “cuberta desta curiosa publicación”, subliñando que se facía por “primeira vez” (Sen sinatura 1981).

Pola nosa parte, conseguimos consultar, froito de pacientes pescudas, tres exemplares de *Cartafol de poesía*, os cales nos levan a algunhas conclusións sólidas sobre a súa configuración. O primeiro pertenceu a Filgueira Valverde, e está no Museo de Pontevedra coa cota FVF 176/9. O segundo era propiedade de Fernández del Riego, e gárdase na Biblioteca Francisco Fernández del Riego coa cota FR-C-34/21. O terceiro, sen que se saiba o nome do seu titular, localizouse na Fundación Penzol coa cota C-138/5. O exemplar de Fernández del Riego debeu de servir como fonte para a reprodución da cuberta de *Cartafol de poesía* no “Suplemento cultural” de *Faro de Vigo*, xa que el era o coordinador.

Que Filgueira Valverde e Fernández del Riego merecesen no seu momento senllos exemplares de *Cartafol de poesía* era algo plenamente previsto. O primeiro, polo seu protagonismo na *Escolma da lírica galega*, débendose recordar que Celso Emilio Ferreiro xa llo prometera canda a súa resposta ao “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega”. Con referencia ao segundo, Fernández del Riego era dirixente da Federación de Mocidades Galeguistas, e cruzara correspondencia con Celso Emilio Ferreiro (Ferreiro 2020: 133-137) en outono de 1935 pola celebración dun evento político en Celanova o 13 de outubro, no Teatro Curros Enríquez, con eles dous, Xosé Nogueiras, Xaillle Illa Couto, Vicente Bóveda e Xosé Velo (Sen sinatura 1935)<sup>11</sup>.

Os tres exemplares de *Cartafol de poesía* contabilizados son idénticos e locen un bo estado. Diante deles, detéctase con claridade que non se trata dun libro, mais tampouco en pureza dun “cartafol”. Son unhas tapas cun lombo, de cartolina branda de cor crema, ideadas

<sup>11</sup> Nunha crónica d’*A Fouce*, de Buenos Aires, xornal de orientación independentista, glosábase a alocución veheamente de Celso Emilio Ferreiro, quen opuña a xuventude non galeguista á galeguista: “Aquela quere impor na nosa Patria as ideas imperialistas da meseta coa pistola na mao; mais nós, a auténtica mocidade galega, temos que estirpar do chao galego a esa pseudo-xuventude, sexa como sexa, de xeito pacífico ou non” (Sen sinatura 1935). E enxalzábase ulteriormente: “O segredario d’organización das Mocidades dixo o seu discurso nun tono de gran emoción comunicativa, facendo vibrar d’entusiasmo ó público que cos seus prolongados aplausos impedía ouvir moitos dos párrafos máis valentes do seu patriótico discurso”.

para acubillar follas soltas. Na tapa dianteira, emerxen o título *Cartafol de poesía* e os nomes de Xosé Velo, de inicio, e Emilio Ferreiro, despois. Esta orde non denota unha xerarquización alfabética, do que se desprende que o primeiro dispuña de preeminencia sobre o segundo.

Na tapa dianteira salta á vista o ano 1936, o que resolve de forma taxativa o problema cronolóxico de *Cartafol de poesía*. A incógnita estaba en boa medida despezada, de calquera xeito, no “Inquérito previo a unha Escolma da lírica galega” de Celso Emilio Ferreiro, onde se nomeaba *Cartafol de poesía* como proxecto vindeiro. Indiscutiblemente, isto xa facía imposible atribuírlle o ano 1935 como data. Na tapa posterior da cartolina, á súa vez, lese a seguinte recomendación: “Lémbrese de conservar iste cartafol, pra ir colecionando poemas que, en follas soltas, irá recibindo”. No lombo, por último, están as iniciais X. V. e E. F e o título *Cartafol de poesía*.

Dentro das tapas dos tres exemplares, sen ningunha excepción, albérganse só dúas follas: unha cun poema de Xosé Velo e outra cun poema de Emilio Ferreiro. Nelas, inclúese na parte inferior dereita o nome do autor respectivo, cunha liña debaixo, e na parte superior dereita a indicación en vertical “Unha”, con outra liña ao lado, o que quere dicir que estes textos representaban a primeira entrega. O de Xosé Velo, sen título e de nítido estro neotrobadoresco, é este:

Sáin cazar meu luceiro  
pol-a meia noite enriba  
Ai miña amiga!  
Sáin cazar meu luceiro  
e non o tiña

Ti andabas pol-a noite  
com-unha arela perdida  
e tíñate  
Ti andabas pol-a noite  
Ai miña vida!

Cando te atopei andaba  
a caza do meu luceiro  
e... non o tiña

Fíxose público na páxina de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no “Suplemento cultural” de *Faro de Vigo* en 1981, xunto coa tapa dianteira

de *Cartafol de poesía*, o máis probable, conforme quedou dito, con base no exemplar de Fernández del Riego.

Por outra banda, o poema de Emilio Ferreiro é o seguinte:

Coñezo ben tuas bágoas  
Sei abondo da tua voz  
Pero qué lua, qué ceo  
no teu xardín interior?

Olla: Ti non comprendes  
istes foscros pensamentos meus

Surrie pois e non cismes  
Ti: Surrisa de Deus

Co título “Ti: surrisa de Deus”, confiárallo o autor a Filgueira Valverde, en xaneiro de 1936, para a *Escolma da lírica galega*. No volume terceiro das obras completas de Akal está entre os adxudicados a *Cartafol de poesía* por Celso Emilio Ferreiro, aínda que con algunha modificación:

Coñezo ben as tuas bágoas,  
sei abondo da tua voz,  
pero ¿qué lua, qué ceo  
no teu xardín interior?  
Olla, ti non comprendes  
estes foscros pensamentos meus,  
surrie, pois, e non fales,  
ti, surrisa de Deus. (Ferreiro 1981: 9)

É razoable pensar que estes dous poemas de Xosé Velo e Celso Emilio Ferreiro se despacharon como entrega de arranque coas tapas, no primeiro semestre de 1936, co ánimo de faceren chegar máis no futuro, conforme se comunicaba na parte posterior. Pola súa estrutura, *Cartafol de poesía* podería potencialmente estar composto, como un caixón de xastre, por unha acumulación indefinida de poesías dispensadas aos lectores. Non obstante, o feito de que nos tres exemplares de Filgueira Valverde, Fernández del Riego e a Fundación Penzol só sobrevivian dúas follas semella demostrar que non se efectuaron máis envíos, por falta de perseveranza dos promotores ou polo inicio repentino da Guerra Civil. A dedución primordial que se impón, por tanto, é que *Cartafol de poesía* non supón máis que unhas tapas cun poema de Xosé Velo e outro de Celso Emilio Ferreiro<sup>12</sup>.

<sup>12</sup> Polo que se nos trasladou desde a Fundación Celso Emilio Ferreiro, nos seus fondos hai unha folla solta, coa numeración “duas” e trazos tipográficos un pouco diferentes das dúas follas primeiras, co poema “Apunte”, asinado por Emilio Ferreiro. Sospeitamos que non foi distribuído entre os beneficiarios de *Cartafol de poesía*, como o corrobora

## 5. Cabo

Unha vez desenvolvida a nosa análise, expóñense condensadamente as conclusións esenciais:

1. *Cartafol de poesía* ten sido, ao longo do tempo, un título nebuloso, polo número oscilante de poemas e pola cronoloxía inestable. Ata o inicio dos anos 70, fomentouse o concepto, predominantemente, de que se trataba dun libro individual de Celso Emilio Ferreiro editado en 1935. Nesa mesma década, o escritor comezou a sementar pistas sobre a publicación, pero con plurais contradicións. A máis grave vencéllase ao elenco de composicións, suxerindo catro hipóteses: 1ª) vinte; 2ª) dez ou doce; 3ª) dezaseis; e 4ª) oito ou dez.

2. Por vontade explícita de Celso Emilio Ferreiro, amparado nun exemplar da Biblioteca Municipal de Celanova actualmente ignoto, *Cartafol de poesía* integrouse nas obras completas de Akal (1975, 1981), e despois en *Poesía galega completa* de Edicións Sálvora (1983) e en *Poesía galega completa* (2004) de Edicións Xerais de Galicia, con seis poemas. Esta é a súa dimensión canónica ata hoxe.

3. A obra poética édita de Celso Emilio Ferreiro, antes de 1936, limitouse a catro textos en galego e un en castelán; a inédita, a dezaioito textos en galego. Destes últimos, nove canalizounos á *Escolma da lírica galega* de Filgueira Valverde. Sen ser convocado para

a mesma, ao non ter daquela unha colleita de versos de entidade, cobizou participar por medio de Xosé Velo, quen si se fixera acredor da correspondente circular.

4. A confrontación de tres exemplares orixinais –un de Filgueira Valverde, outro de Fernández del Riego e un máis, sen identidade do dono, na Fundación Penzol– conduce a determinar que *Cartafol de poesía* foi unha mera fórmula de distribución de textos de Xosé Velo –o seu nome ía primeiro, por atesourar máis prestixio neste eido– e Celso Emilio Ferreiro.

5. *Cartafol de poesía* encarnou, durante décadas, unha experiencia mal interpretada con respecto ao seu formato e sobrevalorada en demasía, quizais para moldear falsamente un retrato de Celso Emilio Ferreiro como poeta sobranceiro, e ademais en galego, antes da Guerra Civil.

6. Non debeu de existir marxe material, nuns meses apenas, para cursar máis ca un par de textos aos perceptores de *Cartafol de poesía*. Isto encaixa coa realidade de que nos tres exemplares que perduraron só estean fisicamente un poema de Xosé Velo e outro de Celso Emilio Ferreiro.

En resumidas contas, e esta é ao noso xuízo a premisa capital, *Cartafol de poesía* equivalería a unha obra “minúscula”, tanto polo seu ínfimo tamaño como pola súa insignificante repercusión coetánea.

## 6. Referencias bibliográficas

- A. [Ánxel] S. [Sevillano] (1941): “*Al aire de tu vuelo*, poemas de Celso Emilio Ferreiro”, *El Pueblo Gallego* (Vigo) 11/12/1941.
- A. [Arturo] R. (Reguera) L. [López] (1983): “A nosa edición”, en Celso Emilio Ferreiro: *Poesía galega completa* (Estudio, cronoloxía e bibliografía por Xesús Alonso Montero). Santiago de Compostela: Edicións Sálvora, pp. 31-32.
- Alonso Montero, Xesús (1981): “Celso Emilio Ferreiro nunha Antoloxía de Filgueira Valverde de 1936”, *Faro de Vigo* (Vigo) 27/08/1981.
- (1982): *Celso Emilio Ferreiro*. Madrid / Gijón: Ediciones Júcar.
- (1989): “Sobre a prehistoria de *Longa noite de pedra*”, *Boletín Galego de Literatura* 1, pp. 71-95.
- (2008): “Estudo preliminar”, en Xosé Filgueira Valverde: *Os poetas galegos (1936)*. *Antoloxía consultada* (Estudo preliminar de Xesús Alonso Montero. Edición de Ana Acuña e Xesús Alonso Montero). Pontevedra: Museo de Pontevedra, pp. 15-82.
- Bara (1941): “Ante la próxima aparición de dos libros”, *El Pueblo Gallego* (Vigo) 01/11/1941.

---

a circunstancia de que se bote de menos nos exemplares de Filgueira Valverde, Fernández del Riego e a Fundación Penzol. Coa mesma versión desta folla solta, “Apunte” é unha das poesías do inventario de nove para a *Escolma da lírica galega* de Filgueira Valverde: “Na praza inversa do ceo, / ritmos puros: anduriñas / xogando a comba co vento. / que unha / que dúas / que tres / xogando a comba co vento”. No volume terceiro das obras completas de Akal, discírnense alteracións: “Na praza inversa do ceo, / ritmos puros: anduriñas / xogando á comba co vento. / Unha, / dúas, / tres, / xogando sempre ao revés” (Ferreiro 1981: 15).

- Castelo, Miguel (1981): “Lembranza de Celso Emilio Ferreiro”, *Man Común* (Bilbao) 8, pp. 34-38.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1952): “Ferreiro, Celso Emilio”, en *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos, vol. 2, p. 75.
- Dasilva, Xosé Manuel (2016): “Arredor da homenaxe a Celso Emilio Ferreiro de 1966 (e outros episodios biográficos)”, *Grial* 211, pp. 55-73.
- (2017): “Luz diáfana sobre *Antipoemas*, unha falsa autotradución de Celso Emilio Ferreiro”, en Armando Requeixo (ed.): *Sobre letras e signos. Estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 293-308.
- (2020): “*Al aire de tu vuelo* (1941, 1981), un libro manipulado por Celso Emilio Ferreiro”, *Boletín Galego de Literatura* 57, pp. 5-38.
- Domínguez Sío, M<sup>a</sup> Xesús e Xosé Antón Palacio Sánchez (1992): “Un poema en castelán inédito de Celso Emilio Ferreiro”, en Rosario Álvarez (coord.): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, t. 1, pp. 297-300.
- E. [Emilio] F. [Ferreiro] M. [Míguez] (1932): “A canzón d’o trotamundos”, *Faro de Vigo* (Vigo) 25/07/1932.
- Fariás, Felipe (1971): “El autor de *Antipoemas*. Celso Emilio Ferreiro premio Álamo de poesía”, *Imagen* (Caracas) 13.
- Fernández del Riego, Francisco (1955): *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos*. Vigo: Galaxia.
- Ferreiro, Celso Emilio (1947): *Bailadas, cantigas y donaires* (Nota previa de Fermín Bouza Brey. Portada de Ramón Peña). Pontevedra: Ediciones Céltiga.
- (1955): *Voz y voto*. Montevideo: Editorial Rex.
- (1972): *Autoescolha poética (1954-1971)*. Porto: Razão Actual.
- (1975a): *Obra completa, I* (Estudo e bibliografía de Xesús Alonso Montero). Madrid: Akal [2<sup>a</sup> ed. 1978].
- (1975b): *Obra completa, II* (Estudo e bibliografía de Xesús Alonso Montero). Madrid: Akal [2<sup>a</sup> ed. 1980].
- (1978): *A taberna do Galo*. Vigo: Edicións Castrelos.
- (1981): *Obra completa, III* (Estudo e bibliografía de Xesús Alonso Montero). Madrid: Akal.
- (1983): *Poesía galega completa* (Estudio, cronoloxía e bibliografía por Xesús Alonso Montero). Santiago de Compostela: Edicións Sálvora.
- (2004): *Poesía galega completa* (Limiar e edición de Ramón Nicolás). Vigo: Xerais.
- (2020): *Birimbao. Poemas de mí para ti (1937-1939)* (Edición crítica, introdución e notas de Xavier Ferreiro Loredó. Limiar de Ramón Nicolás). Vigo: Xerais.
- Ferreiro, Emilio (1934): “Poema do amigo ausente”, *Heraldo de Galicia* (Ourense) 16/10/1933.
- Ferreiro Míguez, Emilio (1932): “Malas lingoas”, *Heraldo de Galicia* (Ourense) 04/07/1932.
- (1933a): “Romance del recuerdo”, *Vida Gallega* (Vigo) 562, 10/07/1933.
- (1933b): “Arenga”, *Heraldo de Galicia* (Ourense) 16/10/1933.
- Filgueira Valverde, Xosé (1979): “O primeiro Celso Emilio”, *Faro de Vigo* 09/09/1979 [despois reproducido en *Segundo adral*. Sada: Edicións do Castro, 1981, pp. 435-437].
- (2008): *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada* (Estudo preliminar de Xesús Alonso Montero. Edición de Ana Acuña e Xesús Alonso Montero). Pontevedra: Museo de Pontevedra.
- González Martín, Jerónimo Pablo (1972): *Ensayo sobre la poesía gallega contemporánea*. Sada: Edicións do Castro.
- J. L. R. (1955): “*O sono sulagado*”. *El Correo Gallego* (Santiago de Compostela) 07/07/1955.
- Piñeiro, Antonio (1991): “O Celso home, o Emilio político, o Ferreiro poeta”, en *Voz e Voto. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X aniversario do seu pasamento*. Celanova: Edicións Patronato Curros Enríquez, pp. 158-162.
- (2000): *Pepe Velo. Pensador, soñador e mestre revolucionario*. Vigo: Xerais.
- (2008): *Xosé Velo Mosquera (Poeta e soñador, político e pensador, revolucionario e mestre)*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- Porteiro, María Xosé e José Antonio Perozo (1981): *Celso Emilio Ferreiro. Compañeiro do vento e as estrelas*. Madrid: Akal.
- S. (1947): “*Bailadas, cantigas y donaires*”, *El Pueblo Gallego* (Vigo) 08-06-1947.
- Sen sinatura (1935): “O aito da F. de M. Galeguistas en Celanova”, *A Fouce* (Buenos Aires) 84.
- (1936): “Antología de la lírica gallega”, *El Pueblo Gallego* (Vigo) 05/01/1936.



——— (1981): “Segundo cabodano dun gran poeta”, *Faro de Vigo* (Vigo) 27/08/1981.

Silveira, Aristides (1981): “*Cartafol de poesía*, Celanova, 1936”, *Faro de Vigo* (Vigo) 27/08/1981.

Taboada Tabanera, Prudencio (1936): “A Galicia intresante e verdadeira”, *El Pueblo Gallego* (Vigo) 07/05/1936.

Torres, Sabino (2014): *Crónicas dun tempo escondido. Pontevedra 1930-1960*. Vigo: Galaxia.

Velo, Xosé (1935): “Alciprés”, *Nós* (Ourense) 135, 15/03/1935, pp. 44-45.

Xove Ferreiro, Xosé (1992): “Do texto poético galego”, en Rosario Álvarez (coord.): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, t. 1, pp. 9-51.